

TRADICIONAL GALEGA



CONTEXTO HISTÓRICO E SOCIAL

- A orixe da música tradicional galega é escura. As primeiras referencias remóntanse á música medieval, mais aínda que se conserven varios cancioneros xeralmente non inclúen notación musical.
Coincidindo cos Séculos escuros e a decadencia do uso culto da lingua e cultura galega, a música tradicional pasa a ter unicamente como vía de transmisión a oral, que se pode reconstruír a través das panxoliñas, cantos de berce, de cego e outras mostras musicais que chegaron até a actualidade.
Nas últimas décadas do século XX, moitos músicos galegos comezaron a considerar que a música galega era polo menos parcialmente "céltica" en orixe, de maneira que procuraron influencias nas músicas de Irlanda e Escocia, así como da Bretaña francesa.
A partir dos anos 1980 apareceron moitos grupos e cantantes novos que partindo da música tradicional a fusionaron con outras músicas, ben máis modernas (o pop ou o techno, por exemplo) ou proveniente doutras culturas, sobre todo dos chamados países celtas: Irlanda, Escocia, a Bretaña Francesa...

CARACTERÍSTICAS MUSICAIS. MÚSICA INSTRUMENTAL E VOCAL

- O pobo empregaba a música en moitas ocasións e por numerosos motivos: para expresar as súas inquedanzas, para transmitir normas sociais, protexerse dos males e atraer os favores divinos, celebrar acontecementos vitais, facilitar o traballo, divertirse ou facer mais levadeiros os momentos duros... Debido a que era raro o acontecemento que non servía como escusa para cantar, tocar ou bailar, xurdiron diversidade de xéneros musicais. Estas expresións musicais, ademais, están en moitas ocasións fortemente vinculadas as tradicións, ritos, traballos e aos saberes populares, e resulta imposible separalos.

Os cantos galegos máis antigos empregan unha reducida variedade de escalas. Unha mesma melodía varía de ton, entoación e incluso ritmo dependendo o intérprete e a zona xeográfica. Incluso no mesmo intérprete vai cambios; moitas melodías constrúense de xeito definitivo no momento mesmo de cantalas, sendo a interpretación individual un valor importante dentro da música galega.

- TIPOS DE INSTRUMENTOS

- Instrumentos de vento

A esta familia de instrumentos pertence a gaita, pero tamén se usan o pito ou a requinta.

- Instrumentos de percusión

O bombo confeccionas cun gran cilindro de madeira con dúas membranas de pel. Tócase cunha única maza e leva o ritmo principal acompañando a gaita, pero nunca superando o son desta.

- Instrumentos de corda

Non existe tradición de instrumentos de corda a excepción da zanfona e o violín, ámbolos dous vinculados a cegos e esmoleiros que percorrían a xeografía galega.

Compositores e Comentario Audicions

- Compositores

Jorge Berdullas del Río
R. Biveinis
Carlos M. Cambeiro Alis
David Cuevas
M. Fernández Amor
Luis Fernández Espinosa
Rudesindo Fernández
Soutelo
Frei Juan Méndez Pérez-
Fanego
J. Miguélez
Julio Montero
Manuel Mosquera
Casiano Paredes
Antonio Peña

- Comentario Audicions

A música tradicional de Galicia caracterízase tanto polas súas formas (muiñeiras, xotas, alalás etc), instrumentos (gaita galega e pandeireta, entre outros) e agrupacións musicais. Como música tradicional que evolucionou oralmente, comparte trazos en común coas das áreas veciñas de Asturias, Portugal e León e en xeral coa tradición musical de Europa Occidental.